

Proxecta: SUSTENTABILIDADE E PAISAXE. Curso 2013-2014

Memoria: CICLO DE CARPINTARÍA E MOBLE. IES de Melide

Profesores: José Fernández Jiménez. Fernando López Martínez

É a primeira vez que plantexamos no ciclo un traballo destas características e foi moi interesante no seu desenvolvemento tanto no taller como no deseño. Aproveitar material de vellos mobles e elementos de carpintería así como restos de taboleiros e madeira foi un condicionante moi esixente para levar a cabo os proxectos. Tamén o ver a restauración de mobles dende o punto de vista da reutilización e o aproveitamento dos residuos serveunos para traballar os conceptos da sustentabilidade. O resultado foi máis que salientable e as mensaxes do aprendizaxe chegaronnos a todos os que participamos no ciclo.

CONCURSO DE LOGOTIPO

Sebastián Varela Santana de 2º curso do Ciclo de Carpintería e Moble gaña o concurso de logotipo “O coidado do planeta comeza aquí, no noso IES”.

O concurso buscaba un anagrama que simbolizase o noso compromiso polo consumo responsable e polo coidado da paisaxe co fin de concienciar sobre a importancia do seu valor natural, cultural, emocional e económico, como ferramenta para conseguir un territorio máis sustentable.



Foto 1: Entrega de premios

PROXECTO 1: Moble construído con material de refugallo do taller

<https://www.edu.xunta.es/redeiras/pages/view/251703/mobles-de-reciclaxe-ciclo-de-carpintaria-e-moble>



Foto 2: www.segnomaterico.it/

Inspirándose nestos mobles feitos con material de refugallo, Adrián Tarrío do 2º ano do ciclo realizou o seu traballo de fin de estudos. Os profesores José Fernández na construción e Fernando López no deseño axudaranlle na tarefa.



Foto 3: Adrián traballando no seu moble feito de material de refugallo.

Foto 4: Imaxe do moble creada por Martín López e Adrián Carbajales do 1º curso

PROXECTO 2: Mobles reutilizados

<https://www.edu.xunta.es/redeiras/pages/view/263367/mobles-reutilizados>

Os alumnos do 2º ano do ciclo de carpintaría fixeron as súas propostas de amoblamento do despacho de xefatura reutilizando os mobles e dándolles un novo aspecto.



Foto 5: Estado actual

Con imaxinativas intervencións nos mobles existentes, pódese conseguir un novo aspecto no amoblamento do despacho. Por exemplo cambiando as portas, lacando ou revestíndoas con outro material.



Foto 6: Proposta de José Angel

PROXECTO 3: A restauración de mobles

<https://www.edu.xunta.es/redeiras/pages/view/267468/a-restauracion-de-mobles>

Dentro da idea de sustentabilidade nada máis axeitado como a restauración de mobles para a súa reutilización.



Foto 7: Noel, alumno do 2º curso do ciclo de carpintería, está a restaurar as pezas dunha cama que foron recollidas dun contenedor do lixo.

PROXECTO 4: Reutilización de material

<https://www.edu.xunta.es/redeiras/pages/view/266881/reutilizacion-de-material>

Os alumnos do 2º ano, dentro do módulo Documentación técnica, elaboran planos e documentos de fabricación dun moble contenedor deseñado a partir dos vellos escritorios do despacho de dirección do IES. Parten de tres pequenos escritorios, unha mesa de reunións e un moble de tres caixóns.



Foto 8: Tomando medidas Foto 9: Examinando o material




Foto 10: Proposta de aparador de Bruno e Adrián. Partirón pola metade o sobre da mesa de reunións e fixeron unha das partes abatible obtindo deste xeito unha superficie auxiliar cando é necesaria simplemente despregando a peza.




Foto 11: Proposta de Olegario e Daniel. Na imaxe podemos ver a visión espacial do seu moble e as pezas das que partiron que foron obtidas dos vellos escritorios.




Foto 12: Outra perspectiva do aparador. Soamente estaba permitido utilizar como material novo a chapa para a traseira do moble e algúns ferraxes como tiradores, parafusos e bisagras.

PROXECTO 5: Reutilización dun contenedor marítimo.

Proxecto Leonardo de Asociacións da Unión Europea

A construción en madeira e a eficiencia enerxética da bioconstrucción

<https://www.edu.xunta.es/redeiras/pages/view/267491/reutilizacion-dun-contenedor>

Presentación na nosa páxina web do Proxecto en Redeiras do proxecto Leonardo de Asociacións que está a desenvolver o ciclo de madeira xunto con outros socios europeos.



Foto 13: Logotipos do proxecto Leonardo da Vinci

Trátase dun proxecto formativo para profesores que ten como finalidade aprender sobre o tema proposto e coa tarefa de preparar material didáctico que permita incluír o estudado nas ensinanzas dos nosos alumnos.

Os socios facemos visitas formativas aos outros países xa que cada un de nos temos un apartado do tema xeral para desenvolver e que despois debemos mostrar aos compañeiros. Tamén se fan visitas a lugares onde se teñen feitas experiencias en bioconstrucción ou a empresas que traballan no sector.



Foto 14: Recibindo unha clase maxistral dun profesor da Universidade técnica de Berlín.



Foto 15: En Randers, Dinamarca, visitamos exemplos de construcións ecolóxicas.

O noso traballo práctico consistirá na construción dun módulo didáctico a partir da reutilización dun vello contenedor marítimo como almacén de madeira para o ciclo de carpintería do IES. O contenedor será acondicionado para cumprir a súa finalidade dun xeito axeitado seguindo certas esixencias de temperatura, humidade e ventilación do seu interior.

Os conceptos aplicados serán: A construción en madeira, a protección da madeira, as cubertas vexetais, os illantes ecolóxicos, a sustentabilidade, a reciclaxe e a paisaxe.



Foto 16: Emprazamento do contenedor



Foto 17: Simulación do emprazamento do contenedor feita por Martín e Jesús do 1º curso.

Temos outro contenedor no IES que servirá de almacén de material que non necesita condicións climáticas tan específicas como as que son obrigadas para a correcta conservación da madeira. A Universidade técnica de Berlín, na visita dos socios a Melide en outubro, vai instalar aparellos de medición nambos los dous contenedores para así acreditar a eficiencia enerxética das solucións e os materiais elexidos.



Foto 18: Segundo contenedor

